

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

27393 *LEI 38/1998, do 27 de novembro, pola que se modifica a composición da Comisión Nacional de Axuda e Asistencia ás Víctimas de Delictos Violentos e contra a Liberdade Sexual.* («BOE» 285, do 28-11-1998.)

JUAN CARLOS I
REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Nacional de Axudas e Asistencia ás Víctimas de Delictos Violentos e contra a Liberdade Sexual é un órgano fundamental no sistema español de protección das vítimas dos delitos. Creada polo artigo 11 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, é competente para resolver os procedementos de impugnación das resolucións en materia das axudas establecidas pola dita lei. Ademais, a Comisión Nacional é tamén competente para resolver os procedementos de impugnación das resolucións do Ministerio do Interior en materia de resarcimentos das vítimas dos delitos de terrorismo, de conformidade co artigo 96 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

A Comisión Nacional intégrase na Administración Xeral do Estado a través do Ministerio de Xustiza e exerce as súas funcións con plena autonomía e sen sometemento a instrucións xerárquicas. Conforme a súa lei de creación, está presidida por un maxistrado do Tribunal Supremo, nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O novo número 3 do artigo 350 da Lei orgánica do Poder Xudicial, redactado pola Lei orgánica 5/1997, do 4 de decembro, introduciu unha previsión para os maxistrados do Tribunal Supremo consistente en que estes só poderán desempeñar fóra do Tribunal Supremo as funcións de presidente de tribunais de oposicións a ingreso na carreira xudicial e de membros da Xunta Electoral Central.

Esta limitación introducida no estatuto dos maxistrados do Tribunal Supremo afecta directamente ó cargo de presidente da citada Comisión Nacional. O lexislador configurou un réxime especial e máis riguroso de incompatibilidades para os Maxistrados do Tribunal Supremo, réxime que impide a esta categoría de maxistrados exercer a presidencia da Comisión Nacional de Axuda e Asistencia ás Víctimas de Delictos Violentos e contra a Liberdade Sexual, dado que esta función non está com-

prendida entre as recollidas no artigo 350.3 da Lei orgánica do poder xudicial como compatibles co exercicio da función xurisdiccional.

Por tanto resulta preciso reforma-la Lei de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual no relativo á composición da Comisión Nacional, co fin de que este órgano colexiado continúe sendo presidido por un membro da carreira xudicial que non teña agora condición de maxistrado do Tribunal Supremo, xa que o novo texto da Lei orgánica do Poder xudicial fixo inviable a previsión da Lei 35/1995, norma legal de carácter ordinario e anterior a aquela.

A necesidade desta modificación é evidente, xa que afecta a presidencia dun órgano fundamental para garantir os dereitos das vítimas dos delitos violentos e contra a liberdade sexual, así como os dereitos das vítimas dos delitos de terrorismo.

Artigo único. Modificación da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual.

O número 2 do artigo 11 da Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, terá a seguinte redacción:

«2. O Goberno, por proposta dos ministros de Xustiza, de Economía e Facenda e do Interior, establecerá a composición e o réxime de funcionamento da Comisión Nacional. Estará presidida por un maxistrado nomeado por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e integrada por representantes da Administración Xeral do Estado e, se for o caso, das organizacións vinculadas á asistencia e defensa das vítimas. En calquera caso, corresponderá unha das súas vocalías a un representante do Ministerio Fiscal, nomeado por proposta do fiscal xeral do Estado.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de novembro de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ